

FONDO ARQUIVO HISTÓRICO DA CURIA DIOCESANA DE TUI-VIGO

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

1.1. Código de referencia	ES.ACHDT.36055
1.2. Título	ARQUIVO HISTÓRICO DA CURIA DIOCESANA DE TUI-VIGO
1.3. Datas	1528-1991
1.4. Nivel de descripción	FONDO
1.5. Volume e soporte	As unidades de instalación ocupan uns 290 metros lineais de estantes, en soporte de papel case na súa totalidade.

2.- ÁREA DE CONTEXTO

2.1. Nome do produtor	Curia da Diocese de Tui-Vigo.
2.2. Historia institucional / Recensión biográfica	<p>A Curia Diocesana a compoñen aquelas institucións e persoas que colaboran de forma estable e directa co bispo no goberno de toda a Diocese. Pertencen a este órgano de goberno o vigairo xeral, que detenta o oficio principal, o provisor (chamado agora xuíz ordinario), o chanceler, os xuíces diocesáns, os párrocos consultores, os notarios, etc.</p> <p>Correspóndelle ó bispo designar persoa-las que desempeñarán os principais oficios da Curia, que engloba un amplo tipo de actividades: dirección da acción pastoral, administración da Diocese e exercicio da potestade xudicial.</p> <p>Aínda que todas as actividades son interdependentes e inseparables, non obstante aquí interéсанos fixarnos na curia como organismo xerador da escrituración e demais servizos de expedición, rexistración e conservación dos documentos de diversa índole e procedencia.</p> <p>A Curia diocesana tivo primeiramente as súas oficinas en Tui, sobre a parte do claustro catedralicio que mira ó poñente, ata que o bispo López Ortiz as trasladou a Vigo en 1959, no ano no que foi concedida á Diocese a dobre capitalidade.</p>
2.3. Historia arquivística	<p>O arquivo da Curia ten un carácter eminentemente administrativo e de goberno. O principal responsable da súa organización e conservación é o chanceler que pode estar asistido por un vicechanceler. A documentación xérase case totalmente nas parroquias, sendo de ordinario os párrocos os que elaboran as solicitudes, os informes, as memorias e os duplicados dos rexistros dos libros sacramentais, o que posibilita os organismos curiais para o recto goberno da diocese.</p> <p>Ó trasladárense as oficinas a Vigo, a maior parte da documentación quedou en Tui nas dependencias da catedral, ata que en 1974 pasou definitivamente ó Arquivo Histórico Diocesano.</p>
2.4. Forma de ingreso	Por transferencia directa.

3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

3.1. Alcance e contido	A documentación producida polos diversos órganos de goberno, tanto unipersoal coma colexial, representa un 70%; aproximadamente un 20% fórmano os documentos das colexiatas, encomenda de Beade e seminario, e o 10% restantes son procesos notariais.
------------------------	--

3.2. Valoración, selección e eliminación	Naturalmente, algunha documentación é reservada, e non se transfíre porque o uso indebido do seu contido pode atentar contra a boa fama e a honra de persoas. Ofrecen especial interese os documentos que informan sobre a construción de novos templos ou sobre as intervencións nos edificios históricos.
3.3. Novos ingresos	A Curia segue producindo anualmente un considerable volume de documentos que seu destino final será o Arquivo Histórico Diocesano; de momento permanece no ámbito primixenio a documentación posterior a 1959, clasificada como “época de Vigo”.
3.4. Organización	<p>CADRO DE CLASIFICACIÓN</p> <p>ARQUIVO DA CURIA</p> <p>4. CURIA</p> <p>4.1. Goberno</p> <p>4.1.1. Libros de visitas pastorais, 1528-1798</p> <p>4.1.2. Rendas e dereitos da dignidade episcopal (36 “caxones”), 1528-1817</p> <p>4.1.3. Vacantes de beneficios, 1745-1857</p> <p>4.1.4. Ordes reais, 1745-1857</p> <p>4.1.5. Confraría da caridade, fundada polo bispo García Benito en 1806</p> <p>4.2. Acción pastoral e social</p> <p>4.2.1. Pastorais dos bispos, 1798-1924</p> <p>4.2.2. Circulares, 1796-1873</p> <p>4.2.3. Edictos, 1763-1856</p> <p>4.2.4. Dispensas de parentesco, 1746-1850</p> <p>4.2.5. Dispensas de proclamas, 1799-1846</p> <p>4.2.6. Libros de cruzada, 1824-1900</p> <p>4.3. Libros administrativos</p> <p>4.3.1. Libros de contas, 1825-1944</p> <p>4.3.2. Libro de décimos e rendas, 1700-1846</p> <p>4.3.3. Libro de rexistro dos “caxones”, 1801</p> <p>4.3.4. Inventarios, 1812-1856</p> <p>4.3.5. Arranxos e límites parroquiais, 1700-1904</p> <p>4.3.6. Libros da Xunta Diocesana, 1839-1859</p> <p>4.3.7. Libros de dotación de culto e clero, 1829-1857</p> <p>4.4. Documentación da Curia Romana</p> <p>4.4.1. Bulas e breves pontificios, 1644-1794</p> <p>4.4.2. Dispensas de impedimentos, 1816-1850</p> <p>4.5. Fundacións</p> <p>4.5.1. Patrimonios, 1753-1832</p> <p>4.5.2. Capelanías, 1663-1883</p> <p>4.6. Documentación notarial</p> <p>4.6.1. Provisorato, 1634-1850</p> <p>4.6.2. Protocolos, 1708-1773</p> <p>4.7. Patrimonio cultural</p> <p>4.7.1. Xunta Diocesana de Reparacións, 1810-1880</p> <p>4.7.2. Reparacións do palacio episcopal de Tui, 1800-1950</p> <p>4.7.3. Reparacións de templos, 1800-1950</p> <p>4.7.4. Reparación de capelas, 1800-1950</p> <p>4.7.5. Desperfectos de casas rectorais, 1800-1950</p> <p>4.8. Cemiterios</p> <p>4.8.1. Concesión do traslado de cemiterios parroquiais, 1840-1880</p> <p>4.8.2. Proxectos e planos, 1840-1880</p> <p>4.9. Clero diocesano</p>

	<p>4.9.1. Libros de Ordes, 1734-1929 4.9.2. Expedientes de liberdade, 1850-1900 4.9.3. Libros de licencias, 1796-1898 4.9.4. Libros de confesores de monxas, 1828-1832</p> <p>4.10. Seminario conciliar de Tui 4.10.1. Ingreso de alumnos, 1858-1926 4.10.2. Contas, 1882-1894 4.10.3. Obras e reparacións, 1858-1884</p> <p>4.11. Encomenda de Beade (Ourense) 4.11.1. Capelanías, 1611-1765 4.11.2. Foros e rendas, 1720-1860 4.11.3. Visitas pastorais, 1638-1853</p> <p>4.12. Colexiata Baiona 4.12.1. Estatutos, 1571-1812 4.12.2. Vacantes de beneficios, 1762-1845 4.12.3. Foros e censos, 1578-1824 4.12.4. Ordes reais, 1816-1853 4.12.5. Contas, 1851-1860 4.12.6. Acordos capitulares, 1836-1842 4.12.7. Visitas pastorais, 1826-1846 4.12.8. Capelanías, 1780-1845 4.12.9. Hospital, 1762-1842</p> <p>4.13. Colexiata de Vigo 4.13.1. Actas Capitulares, 1616-1691 4.13.2. Capelanías e Obras Pías, 1570-1816 4.13.3. Confrarías do Santísimo e do Rosario, 1736-1800 4.13.4. Circulares, 1790-1862 4.13.5. Foros e Rendas, 1562-1769 4.13.6. Reparacións, 1807-1836 4.13.7. Hospital, 1599-1835</p> <p>4.14. Arquivos de persoas físicas 4.14.1. Juan Domínguez Fontenla, 1593-1916 4.14.2. José Espinosa Rodríguez, 1779-1940 4.14.3. Familia Yáñez Acal, 1786-1900 4.14.4. Domingo Álvarez Álvarez, 1900-1965 4.14.5. Ricardo Torres Quiroga, 1925-1991 4.14.6. Jesús Gómez Sobrino, 1960-1986</p>
--	--

4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

4.1. Condición de acceso	Os documentos están accesibles ós investigadores e a todo aquel que xustifique a súa utilización por motivos persoais. Deben aterse ás limitacións das leis vixentes e ó Regulamento dos Arquivos Eclesiásticos Españois.
4.2. Condición de reprodución	A reprodución está restrinxida para evitar o deterioro da integridade dos documentos. Existen uns impresos para solicitar fotocopias e a súa reprodución dixital.
4.3. Lingua / escritura(s) dos documentos	Latín, castelán e galego nalgúns documentos máis recentes.
4.4. Características físicas e requisitos técnicos	A maioría en papel; só as bulas teñen como soporte pergameo.
4.5. Instrumentos de descrición	Ficheiro temático, guías e inventarios, parcialmente informatizados.

5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

5.1. Existencia e localización dos documentos orixinais	Arquivos parroquiais e Arquivo da Curia, Vigairía Xeral.
5.2. Existencia e localización de copias	Non se coñecen.
5.3. Unidades de descrición relacionadas	Non se coñecen.
5.4. Nota de publicacións	Revista “Tui. Museo e Arquivo Histórico Diocesano”. Números 1-9 (1975-2001).

6.- ÁREA DE NOTAS

6.1. Notas	Ocupa o mesmo edificio có Arquivo Histórico Diocesano e o Arquivo Capitular da catedral de Tui. Debido á súa prolífica produción documental, é o fondo que fai máis urxente a ampliación de espazos para que non se produza en breve un colapso no ordenamento arquivístico.
------------	--

7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

7.1. Nota do arquivista	Avelino Bouzón Gallego, director. Roberto Fernández Díaz, auxiliar.
7.2. Regras ou normas	General International Standard Archival Description, Second Edition, ISAD (G)
7.3. Data da descrición	Febreiro de 2005.